

PROGRAMACIÓN

de

EDUCACIÓN FÍSICA

PRIMARIA

Curso 2022-2023

C.E.I.P. XUÑO

ÍNDICE

1. ANÁLISE DA CONTORNA.....	4
2. CARACTERÍSTICAS DOS DIFERENTES NIVEIS DE PRIMARIA.....	5
3. REVISIÓN DOS OBXECTIVOS DE AREA OU MATERIA, REVISIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE E DOS CONTIDOS.....	6
3.1. OBXECTIVOS DA ETAPA DE EDUCACIÓN PRIMARIA.....	6
4. TÁBOAS DO SEGUNDO NIVEL DE PRIMARIA. ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA.....	7
4.1. TÁBOA 1: 2º E.F.---INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.....	7
4.2. TÁBOA 2: 2º E.F.---MÍNIMOS ESIXIBLES.....	8
4.3. TÁBOA 3: 2º E.F.---ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE.....	15
5. TÁBOAS CUARTO NIVEL DE PRIMARIA. EDUCACIÓN FÍSICA.....	17
5.1. TÁBOA 1: 4º E.F.---INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.....	17
5.2. TÁBOA 2: 4º E.F.---MÍNIMOS ESIXIBLES.....	19
5.3. TÁBOA 3: 4º E.F.---ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE.....	29
6. TÁBOAS DE 6º NIVEL DE PRIMARIA. EDUCACIÓN FÍSICA.....	32
6.1. TÁBOA 1: 6º E.F.--- INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.....	32
6.2. TÁBOA 2: 6º E.F.---MÍNIMOS ESIXIBLES.....	34
6.3. TÁBOA 3: 6º E.F.---ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE.....	43
7. A AVALIACIÓN.....	46
7.1. OBXECTIVOS DA NOSA AVALIACIÓN.....	47
7.2. DIRECTRICES, CARACTERÍSTICAS E INSTRUMENTOS PARA A AVALIACIÓN. MEDIDAS DE REFORZO E RECUPERACIÓN.....	47
7.3. INSTRUMENTOS PARA A AVALIACIÓN.....	48
7.4. A avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe (da propia programación):.....	49
8. BLOQUES DE CONTIDOS PARA EDUCACIÓN FÍSICA.....	49
* Bloque 1. Contidos Comúns en Educación Física.....	49
* Bloque 2. O Corpo: Imaxe e Percepción.....	50
* Bloque 3. Habilidades Motrices.....	50
* Bloque 4. Actividades Físicas Artístico Expresivas.....	50
* Bloque 5. Actividade Física e Saúde.....	50
* Bloque 6. Os Xogos e Actividades Deportivas.....	50
9. METODOLOXÍA.....	51
13. AS COMPETENCIAS CLAVE E A EDUCACIÓN FÍSICA (LOMCE):.....	53
1.- Competencia lingüística.....	53
2.- Competencia no coñecemento e interacción co mundo físico.....	53
3.- Tratamento da información e competencia dixital.....	53
4.- Competencia Cultural e Artística.....	53
5.- Competencia social e cidadá.....	54
6.- Competencia para aprender a aprender.....	54
7.- Autonomía e iniciativa persoal.....	54
14. A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	55
15. A EDUCACIÓN EN VALORES. OS EIXOS TRANSVERSAIS E A FORMACIÓN CÍVICA.	57
16. FOMENTO DA LECTURA E DESENVOLVEMENTO DA COMPRESIÓN LECTORA: CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR.....	58
<i>Orientacións metodolóxicas</i>	59
17. AS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN. CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC.....	60
18. A ACCIÓN TITORIAL.....	62

FUNCIÓNS DA ACCIÓN TITORIAL.....	62
19. CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LINGÜÍSTICO.....	64
20. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA.....	65
21. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....	67
22. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.....	67
23. ANEXO I: <i>Notas aclaratorias a certos aspectos desta programación</i>	69
CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN PARA 5º e 6º NIVEIS.....	70
25. ANEXO III.....	70
MAPA TEMPORALIZADO DE UNIDADES DIDÁCTICAS / CURSO 2022-2023.....	70

1. ANÁLISE DA CONTORNA

Este Centro está situado nun contorno rural, na comarca do Barbanza, na provincia de A Coruña. Pertence ao Concello de Porto do Son.

Os motores económicos da zona son o sector servizos así coma a pesca e a industria dos polígonos próximos.

A emigración tamén é un recurso moi habitual aquí, á hora de traballar.

O Colexio conta con alumnado de Infantil e Primaria.

Distribución do alumnado

- Educación Infantil:

Os tres niveis de infantil están xuntos na mesma aula e coa mesma titora. Sendo en total 12 nenos e nenas que quedan, por idades do seguinte xeito:

- 3 anos: 6
- 4 anos: 4
- 5 anos: 2

- Educación Primaria.

O número de alumnas e alumnos de Primaria repártese en cada nivel do seguinte xeito:

- Primeiro: 10
- Segundo: 9
- Terceiro: 16
- Cuarto: 12
- Quinto: 11
- Sexto: 14

As instalacións con que conta a área de Educación Física son:

Un polideportivo con pistas de fútbol sala, baloncesto e tenis, aunque a pista realmente só está preparada para futbito. Para baloncesto utilizamos canastras portables, para practicar este deporte do modo correcto.

Dispomos de dous patios exteriores, ademais dun porche cuberto con piares que non é o máis axeitado para traballar, aunque sempre lle sacamos partido. Neste porche pintáronse xogos que van ser un bo recurso para as sesións de educación física.

Neste curso, en educación infantil seguiremos utilizando a aula anexa á da súa titora para as sesións de psicomotricidade, así como o polideportivo, pasado un periodo de adaptación.

2. CARACTERÍSTICAS DOS DIFERENTES NIVEIS DE PRIMARIA.

Vou redactar este apartado seguindo un criterio de proximidade por idade biolóxica. Dado que as diferenzas entre un e outro nivel son mínimas, a validez da análise e a mesma que se o facemos nivel por nivel, polo que agrupo os cursos dous a dous.

Primeiro e Segundo niveis:

- Teñen dificultades para reflexionar.
- Asimilan normas sinxelas.
- Son moi imaxinativos, curiosos e impacientes.
- A súa atención é lábil e dispersa.
- Son moi egocéntricos. Se participan en grupo a colaboración é somera e por pouco tempo.
- O adulto é a súa referencia fundamental, pois é quen lle aporta seguridade.
- Son descoordinados por descompensación no seu sistema muscular.
- Cansan rápido posto que non se dosifican.
- Comezan a coñecer o seu esquema corporal.

Terceiro e Cuarto niveis:

- Poden atender máis tempo e posúen unha atención máis selectiva.
- Vaise impondo a realidade á fantasía.
- Están máis predispostos á aventura, gañando en seguridade e autonomía.
- Están moi motivados/as, son entusiastas e botados para adiante.
- Comezan as primeiras pandillas.
- Respectan as normas.
- Son moi hábiles porque o seu corpo é proporcionado.
- Van asentando a lateralidade e o esquema corporal e polo tanto son coordinados na maioría de casos.
- Poden soportar esforzos máis prolongados pois mellora a súa resistencia e recupéranse con facilidade.

Quinto e sexto niveis:

- Traballan ben en grupo, co que a integración é máis sinxela.
- Dominan globalmente a súa motricidade, con que son hábiles e poden expresar utilizando o seu corpo.
- Controlan aceptablemente o esforzo e dosifícanse.
- Son bastante coordinados, a nivel global e segmentario.
- As capacidades vense freadas polo rápido crecemento e o desaxuste entre musculatura e sistema ósteo-articular.
- Dan xa despostas complexas diante de problemas motrices.
- Asentan definitivamente o esquema corporal.
- Teñen un bo nivel, canto a habilidades, para a iniciación deportiva.

3. REVISIÓN DOS OBXECTIVOS DE AREA OU MATERIA, REVISIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE E DOS CONTIDOS

3.1. OBXECTIVOS DA ETAPA DE EDUCACIÓN PRIMARIA.

Ref	Obxectivo
a	Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, preparárense para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
b	Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
c	Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais con que se relacionan.
d	Coñecer, comprender e respectar as culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres, e a non-discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
e	Coñecer e utilizar de forma apropiada a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as dúas linguas.
f	Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
g	Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.
h	Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
i	Iniciarse no uso das tecnoloxías da información e da comunicación, para a aprendizaxe, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciban e elaboren.
j	Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
k	Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
l	Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
m	Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.
n	Fomentar a educación viaria e as actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
o	Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, salientando as mulleres e os homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

A ref. (letra) coa que se identifica cada obxectivo, é a mesma que figura no currículo e que tamén despois se asocian/relacionan en cada área, nivel e criterio de avaliación

4. TÁBOAS DO SEGUNDO NIVEL DE PRIMARIA. ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA.

4.1. TÁBOA 1: 2º E.F.---INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

Estándares de aprendizaxe	Instrumentos de avaliación
EFB1.1.1. Investiga, reflexiona e debate de forma guiada sobre distintos aspectos da moda e a imaxe corporal.	Observación directa.
EFB1.1.2. Explica aos seus compañeiros as características dun xogo practicado na clase.	Observación directa.
EFB1.1.3. Mostra boa disposición para solucionar os conflitos de xeito razoable.	Observación directa.
EFB1.1.4. Recoñece as condutas inapropiadas que se producen na práctica deportiva.	Observación directa.
EFB1.2.1. Utiliza as novas tecnoloxías para localizar a información que se lle solicita.	Observación directa.
EFB1.2.2. Presenta os seus traballos atendendo ás pautas proporcionadas, con orde, estrutura e limpeza.	Traballos entregados.
EFB1.2.3. Expón as súas ideas expresándose de forma correcta en diferentes situacións e respecta as opinións dos e das demais.	Observación directa.
EFB1.3.1. Participa activamente nas actividades propostas buscando unha mellora da competencia motriz.	Observación directa.
EFB1.3.2. Demostra certa autonomía resolvendo problemas motores.	Observación directa.
EFB1.3.3. Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.	Observación directa.
EFB1.3.4. Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases.	Observación directa.
EFB1.3.5. Acepta formar parte do grupo que lle corresponda e o resultado das competicións con deportividade.	Observación directa.
EFB2.1.1. Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz entre os nenos e nenas da clase.	Observación directa.
EFB2.2.1. Coñece e identifica as partes do corpo propias e do compañeiro/a.	Observación directa.
EFB2.2.2. Domina o equilibrio estático, sen axuda, variando o centro de gravidade en base de sustentación estable.	Observación directa. Táboas de anotacións.
EFB2.2.3. Iníciase no equilibrio dinámico.	Observación directa.
EFB2.2.4. Reacciona corporalmente ante estímulos sinxelos visuais, auditivos e táctiles, dando respostas motrices que se adapten ás características deses estímulos, diminuíndo os tempos de resposta.	Observación directa.
EFB3.1.1. Desprázase de distintas formas, variando os puntos de apoio, con coordinación e boa orientación espacial.	Observación directa. Táboas de anotacións.
EFB3.1.2. Salta de distintas formas, variando os puntos de apoio, amplitudes e frecuencias, con coordinación e boa orientación espacial.	Observación directa. Táboas de anotacións.
EFB3.1.3. Realiza as habilidades que impliquen manexo de obxectos con coordinación dos segmentos corporais, iniciando os xestos axeitados.	Observación directa. Táboas de anotacións.
EFB3.1.4. Realiza xiros sobre o eixo lonxitudinal variando os puntos de apoio, con coordinación e boa orientación espacial.	Observación directa. Táboas de anotacións.
EFB3.1.5. Equilibra o corpo en distintas posturas intentando controlar a tensión, a relaxación e a respiración.	Observación directa. Táboas de anotacións.
EFB4.1.1. Representa personaxes e situacións, mediante o corpo e o movemento con desinhibición e espontaneidade.	Observación directa. Táboas de anotacións.
EFB4.1.2. Reproduce corporalmente unha estrutura rítmica sinxela.	Observación directa. Táboas de anotacións.
EFB4.1.3. Realiza bailes e danzas sinxelas representativas da cultura galega e doutras culturas.	Observación directa.
EFB5.1.1. Cumpre as normas básicas do coidado do corpo en relación coa hixiene, con autonomía.	Observación directa
EFB5.1.2. Adopta hábitos alimentarios saudables.	Observación directa.

EFB5.1.3. Incorpora á súa rutina diaria a actividade física como axente de saúde.	Observación directa.
EFB5.2.1. Identifica e sinala os riscos individuais e colectivos daquelas actividades físicas que vai coñecendo e practicando.	Observación directa.
EFB6.1.1 Pon en práctica as tácticas elementais dos xogos.	Observación directa.
EFB6.1.2. Utiliza as regras dos xogos en situación de cooperación e oposición.	Observación directa.
EFB6.2.1. Practica xogos libres e xogos organizados, recoñecendo as súas características e diferenzas.	Observación directa.
EFB6.2.2. Investiga e coñece os xogos tradicionais de Galicia.	Observación directa.
EFB6.2.3. Realiza distintos xogos tradicionais de Galicia seguindo as regras básicas.	Observación directa.
EFB6.3.1. Realiza actividades no medio natural.	Observación directa.
EFB6.3.2. Coñece o coidado e respecto do medio ao efectuar algunha actividade fóra do centro.	Observación directa.

4.2. TÁBOA 2: 2º E.F.---MÍNIMOS ESIXIBLES.

Contidos de aprendizaxe	Estándares de aprendizaxe	Contidos clave	Mínimos esixibles
B1.1. Valoración e aceptación da propia realidade corporal e da dos demais.	EFB1.1.1. Investiga, reflexiona e debate de forma guiada sobre distintos aspectos da moda e a imaxe corporal.	CSC CAA CSIEE CD	- Séntese a gusto co propio corpo. - Préstalle a atención xusta ás modas. - Valora ás persoas por si mesmas, non polo aspecto.
B1.2. Respeto e valoración das persoas que participan no xogo sen mostrar discriminación de ningún tipo.	EFB1.1.3. Mostra boa disposición para solucionar os conflitos de xeito razoable.	CSC CAA CSIEE	- Opina ante as posibles situacións conflitivas xurdidas aceptando as opinións dos e das demais. - Participa respectando as quendas e achegas dos outros.
B1.2. Respeto e valoración das persoas que participan no xogo sen mostrar discriminación de ningún tipo.	EFB2.1.1. Respeto a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz entre os nenos e nenas da clase.	CSC CAA	- Valora ás persoas por si mesmas, non polo aspecto.
B1.2. Respeto e valoración das persoas que participan no xogo sen mostrar discriminación de ningún tipo.	EFB1.1.4. Recoñece as condutas inapropiadas que se producen na práctica deportiva.	CSC CAA CSIEE	- Participa aceptando o rol que lle toca xogar. - Soluciona os conflitos co diálogo. - Valora a situación de xogo por riba do resultado.
B1.2. Respeto e valoración das persoas que participan no xogo sen mostrar discriminación de ningún tipo.	EFB1.3.5. Acepta formar parte do grupo que lle corresponda e o resultado das competicións con deportividade.	CSC CAA	- Participa aceptando o rol que lle toca xogar. - Soluciona os conflitos co diálogo. - Valora a situación de xogo por riba do resultado.
B1.2. Respeto e valoración das persoas que participan no xogo sen mostrar discriminación de ningún tipo.	EFB1.2.3. Expón as súas ideas expresándose de forma correcta en diferentes situacións e respecta as opinións dos e das demais.	CCL CSC CD	- Opina ante as posibles situacións conflitivas xurdidas aceptando as opinións dos e das demais. - Participa respectando as quendas e achegas dos outros.
B1.3. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes apropiadas e afrontar as dificultades propias da práctica da actividade física.	EFB1.3.1. Participa activamente nas actividades propostas buscando unha mellora da competencia motriz.	CSC CAA CSIEE	- Participa aceptando o rol que lle toca xogar. - Valora a situación de xogo por riba do resultado.
B1.3. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes apropiadas e afrontar as dificultades propias da práctica da actividade física.	EFB1.1.2. Explica aos seus compañeiros as características dun xogo practicado na clase.	CCL CAA CSC CSIEE	- Coñece as actividades que se fan ou fixeron nas clases. - Aмосa boa comprensión das actividades. - Aмосa soltura á hora de comunicar normas, roles... aos demais compañeiros/as.
B1.3. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes apropiadas e afrontar as dificultades propias da práctica da actividade física.	EFB1.3.2. Demostra certa autonomía resolvendo problemas motores.	CSIEE CAA CCEC CSC	- Móvese con soltura diante de probas motrices. - Aмосa seguridade diante de atrancos físicos. - Gústalle participar en actividades físico-deportivas.

B1.4. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para obter información, relacionada coa área.	EFB1.2.1. Utiliza as novas tecnoloxías para localizar a información que se lle solicita.	CD CAA CSIEE	- Busca información en xornais, revistas, televisión, ordenadores, táblets ou teléfonos, que logo comparte connosco. - Atopa as ideas principais e diferéncias de toda a información non importante.
B1.4. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para obter información, relacionada coa área.	EFB1.2.2. Presenta os seus traballos atendendo ás pautas proporcionadas, con orde, estrutura e limpeza.	CCL CD CAA	- Comunica aos demais o atopado con claridade e de xeito sintético. - Presenta en diferentes formatos a información.
B1.5. Integración das tecnoloxías da información e a comunicación no proceso de aprendizaxe.	EFB1.2.2. Presenta os seus traballos atendendo ás pautas proporcionadas, con orde, estrutura e limpeza.	CCL CD CAA	- Comunica aos demais o atopado con claridade e de xeito sintético. - Presenta en diferentes formatos a información.
B1.6. Implicación activa en actividades motrices diversas, recoñecendo e aceptando as diferenzas individuais no nivel de habilidade.	EFB1.3.1. Participa activamente nas actividades propostas buscando unha mellora da competencia motriz.	CSC CAA CSIEE	- Móvese con soltura diante de probas motrices. - Aмосa seguridade diante de atrancos físicos. - Gústalle participar en actividades físico-deportivas. - Axuda a todo o que o precisa.
B1.6. Implicación activa en actividades motrices diversas, recoñecendo e aceptando as diferenzas individuais no nivel de habilidade.	EFB1.3.1. Participa activamente nas actividades propostas buscando unha mellora da competencia motriz.	CCL CAA CSC CSIEE	- Gústalle participar en actividades físico-deportivas. - Ten interese nas actividades das diferentes sesións.
B1.6. Implicación activa en actividades motrices diversas, recoñecendo e aceptando as diferenzas individuais no nivel de habilidade.	EFB1.3.2. Demostra certa autonomía resolvendo problemas motores.	CSIEE CAA CCEC CSC	- Móvese con soltura diante de probas motrices. - Aмосa seguridade diante de atrancos físicos. - Gústalle participar en actividades físico-deportivas.
B1.6. Implicación activa en actividades motrices diversas, recoñecendo e aceptando as diferenzas individuais no nivel de habilidade.	EFB2.1.1. Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz entre os nenos e nenas da clase.	CSC CAA	- Acepta ás persoas tal como son. - Respecta as formas de traballar dos demais. - Organiza actividades co grupo.
B1.7. Uso correcto de materiais e espazos na práctica da Educación Física.	EFB1.3.4. Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases	CSC	- Coida as instalacións. - Segue as normas de seguridade e de utilización dos diversos espazos.
B1.8. Coidado do corpo e a consolidación de hábitos de hixiene corporal.	EFB1.3.3. Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.	CSC CAA	- Lava as mans a conciencia antes e despois da práctica físico-deportiva e antes e despois de ir ao baño e antes e despois de usar materiais, de utilizárense.
B1.8. Coidado do corpo e a consolidación de hábitos de hixiene corporal.	EFB5.1.1. Cumpre as normas básicas do coidado do corpo en relación coa hixiene, con autonomía.	CSIEE CAA	- Lava as mans a conciencia antes e despois da práctica físico-deportiva e antes e despois de ir ao baño.
B1.9. Adopción de condutas seguras ao actuar como peóns ou peoas, nas saídas pola contorna do colexio.	EFB1.3.2. Demostra certa autonomía resolvendo problemas motores.	CSIEE CAA CCEC CSC	- Coñece os principais sinais de educación viaria. - Coñece as normas básicas de circulación como peón e ciclista. - Adopta as anteditas normas de seguridade.
B1.9. Adopción de condutas seguras ao actuar como peóns ou peoas, nas saídas polo contorno do colexio.	EFB6.3.2. Coñece o coidado e respecto do medio ao efectuar algunha actividade fóra do centro.	CSC CAA	- Coñece os principais sinais de educación viaria. - Coñece as normas básicas de circulación como peón e ciclista. - Adopta as anteditas normas de seguridade.
B1.9. Adopción de condutas seguras ao actuar como peóns ou peoas, nas saídas polo contorno do colexio.	EFB5.2.1. Identifica e sinala os riscos individuais e colectivos daquelas actividades físicas que vai coñecendo e practicando.	CAA CSC	- Coñece os principais sinais de educación viaria. - Coñece as normas básicas de circulación como peón e ciclista. - Adopta as anteditas normas de seguridade.
B2.1. Aceptación da propia realidade corporal.	EFB2.1.1. Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz entre os nenos e nenas da clase.	CAA CSC	- Acepta ás persoas tal como son. - Respecta as formas de traballar dos demais. - Organiza actividades co grupo. - Identifica como importante a práctica de actividade física e non o resultado.
B2.1. Aceptación da propia realidade corporal.	EFB2.2.1. Coñece e identifica as partes do corpo propias e do	CAA CSC	- Coñece as distintas partes do seu corpo. - Identifica as partes do corpo nos demais, sen

	compañero/a.		tocarse e gardando a distancia social.
B2.3. Estrutura corporal, Percepción, identificación e representación do propio corpo e das distintas partes que interveñen no movemento (articulacións e segmentos corporais).	EFB2.2.1. Coñece e identifica as partes do corpo propias e do compañeiro/a.	CAA CSC	- Coñece os diversos movementos das diferentes partes do corpo.
B2.4. Experimentación e exploración de posturas corporais diferentes, a partir das posibilidades de movemento das distintas articulacións e segmentos corporais.	EFB2.2.1. Coñece e identifica as partes do corpo propias e do compañeiro/a.	CAA CSC	- Coñece os diversos movementos das diferentes partes do corpo. - Adopta as posturas correctas en cada exercicio. - Adopta os movementos máis seguros en cada momento.
B2.4. Experimentación e exploración de posturas corporais diferentes, a partir das posibilidades de movemento das distintas articulacións e segmentos corporais.	EFB2.2.2. Domina o equilibrio estático, sen axuda, variando o centro de gravidade en base de sustentación estable.	CAA CSC	- Adopta diferentes posturas de equilibrio. - Varía, sen problema o centro de gravidade. - Mantén o equilibrio con facilidade sobre altura.
B2.5. Vivencia da relaxación global como estado de quietude. Toma de conciencia da respiración e as súas fases.	EFB2.2.2. Domina o equilibrio estático, sen axuda, variando o centro de gravidade en base de sustentación estable.	CAA CSC	- Coñece a respiración, dun xeito moi simple. - Pode contraer e distender diferentes segmentos corporais.
B2.5. Vivencia da relaxación global como estado de quietude. Toma de conciencia da respiración e as súas fases.	EFB3.1.5. Equilibra o corpo en distintas posturas intentando controlar a tensión, a relaxación e a respiración.	CAA CSC CSIEE	- Aplica a respiración nas actividades de relaxación. - Aplica a relaxación e tensión axeitadas en actividades de equilibrio.
B2.6. Experimentación de situacións simples de equilibrio estático e dinámico sen obxectos, sobre bases estables, e portando obxectos.	EFB2.2.2. Domina o equilibrio estático, sen axuda, variando o centro de gravidade en base de sustentación estable. EFB2.2.3. Iníciase no equilibrio dinámico.	CAA CSC	- Mantén o equilibrio sobre bases estables. - Pode equilibrarse en movemento. - Adopta posturas básicas de equilibrio sen obxectos.
B2.6. Experimentación de situacións simples de equilibrio estático e dinámico sen obxectos, sobre bases estables, e portando obxectos.	EFB3.1.5. Equilibra o corpo en distintas posturas intentando controlar a tensión, a relaxación e a respiración.	CAA CSC	- Aplica a respiración nas actividades de relaxación. - Aplica a relaxación e tensión axeitadas en actividades de equilibrio.
B2.7. Percepción espazo-temporal. Orientación do corpo e nocións topolóxicas básicas (dentro/fóra, arriba/abaixo, diante/detrás, preto/lonxe...)	EFB2.2.4. Reacciona corporalmente ante estímulos sinxelos visuais, auditivos e táctiles, dando respostas motrices que se adapten ás características deses estímulos, diminuindo os tempos de resposta.	CAA CSC CSIEE	- Identifica diferentes estímulos. - Adapta o movemento a ritmos rápidos ou lentos. - Sitúase de xeito autónomo en distintos espazos. - Identifica os diferentes conceptos temporais: rápido, lento, inmovilidade.
B2.8. Afirmación da lateralidade. Recoñecemento da dominancia lateral e da dereita e esquerda propias.	EFB2.2.1. Coñece e identifica as partes do corpo propias e do compañeiro/a.	CAA CSC	- Coñece a dereita e esquerda en sí mesmo/a. - Identifica a dereita e esquerda noutros/as. - Colócase á dereita/esquerda de espazos, compañeiros-as e grandes obxectos...
B2.9. Posibilidades sensoriais (vista, oído, tacto). Experimentación, exploración e discriminación das sensacións.	EFB2.2.4. Reacciona corporalmente ante estímulos sinxelos visuais, auditivos e táctiles, dando respostas motrices que se adapten ás características deses estímulos, diminuindo os tempos de resposta.	CAA CSC CSIEE	- Coñece todas as posibilidades dos distintos sentidos. - Adopta medidas de hixiene relacionadas cos diferentes sentidos.
B3.1. Formas e posibilidades de movemento. Experimentación de diferentes formas de execución e control das habilidades motrices básicas: desprazamentos, xiros, saltos, suspensión, lanzamentos e recepcións.	EFB3.1.1. Desprázase de distintas formas, variando os puntos de apoio, con coordinación e boa orientación espacial.	CSC CCEC CAA	- Desprázase a distintos ritmos sen problema. - Desprázase cambiando as velocidades. - Cambia de orientación habilmente. - Fai sen problema actividades de desprazamento global.
B3.1. Formas e posibilidades de movemento. Experimentación de diferentes formas de execución e control das habilidades motrices	EFB3.1.2. Salta de distintas formas, variando os puntos de apoio, amplitudes e frecuencias, con coordinación e boa orientación espacial.	CSC CCEE CAA	- Executa o salto de forma básica e adecuada. - Combina saltos de forma clara, con dous e un pé e combinación destes. - Aplica habilmente a habilidade do salto en diferentes alturas.

básicas: desprazamentos, xiros, saltos, suspensión, lanzamentos e recepcións.			<ul style="list-style-type: none"> - Combina o salto con outras habilidades. - Combina distintos saltos.
B3.1. Formas e posibilidades de movemento. Experimentación de diferentes formas de execución e control das habilidades motrices básicas: desprazamentos, xiros, saltos, suspensión, lanzamentos e recepcións.	EFB3.1.4. Realiza xiros sobre o eixo lonxitudinal variando os puntos de apoio, con coordinación e boa orientación espacial.	CSC CCEE CAA	<ul style="list-style-type: none"> - Coñece as formas de executar correctamente as diferentes habilidades. - Xira sobre o eixo vertical con seguridade e confianza.
B3.2. Desenvolvemento e control da motricidade fina e a coordinación viso motora a través do manexo de obxectos, que sexan de uso individual, previamente desinfectados, nunca compartidos: pás, raquetas, balóns cos pés.	EFB3.1.3. Realiza as habilidades que impliquen manexo de obxectos con coordinación dos segmentos corporais, iniciando os xestos axeitados.	CSC CCEE CAA	<ul style="list-style-type: none"> - Lanza con forza, boa dirección, e boa técnica. - Consegue recepcións e paradas de materiais enviados por outros/as.
B3.3. Resolución de problemas motores sinxelos.	EFB1.3.2. Demostra certa autonomía resolvendo problemas motores.	CSIEE CAA CCECC CSC	<ul style="list-style-type: none"> - Aмосa boa habilidade na execución dos xogos e exercicios. - Aplica as habilidades de modo autónomo. - Combina distintas habilidades á hora de resolver xogos e actividades diversas.
B3.3. Resolución de problemas motores sinxelos.	EFB6.1.1. Pon en práctica as tácticas elementais dos xogos.	CSC CSIEE CAA	<ul style="list-style-type: none"> - Coñece os xogos. - Sabe as tácticas máis elementais de distintos xogos. - Aplica as tácticas anteditas. - Colabora cos demais para resolver actividades grupais.
B3.4. Acondicionamento físico xeral en situacións de xogo, especialmente mantemento e mellora da flexibilidade.	EFB1.3.1. Participa activamente nas actividades propostas buscando unha mellora da competencia motriz.	CSC CAA CSIEE	<ul style="list-style-type: none"> - Gústalle participar en xogos e actividades. - Prefire o xogo ao resultado. - Aмосa suficiente autonomía e autconfianza. - Aplica as habilidades de xeito correcto.
B3.4. Acondicionamento físico xeral en situacións de xogo, especialmente mantemento e mellora da flexibilidade.	EFB5.1.3. Incorpora á súa rutina diaria a actividade física como axente de saúde.	CSC CAA CSIEE	<ul style="list-style-type: none"> - Escolle unha vida activa. - Identifica saúde con actividade. - Traballa os movementos dentro da súa maior amplitude e con seguridade.
B3.5. Disposición favorable a participar en actividades físicas diversas aceptando as diferenzas no nivel de habilidade.	EFB1.3.5. Acepta formar parte do grupo que lle corresponda e o resultado das competicións con deportividade.	CSC CAA	<ul style="list-style-type: none"> - Respecta o rol que lle toque xogar. - Valora o xogo por riba dos resultados. - Non discrimina a ninguén do seu grupo e na súa vida en xeral.
B3.5. Disposición favorable a participar en actividades físicas diversas aceptando as diferenzas no nivel de habilidade.	EFB1.3.1. Participa activamente nas actividades propostas buscando unha mellora da competencia motriz.	CSC CAA CSIEE	<ul style="list-style-type: none"> - Practica exercicio para mellorarse como persoa. - Practica exercicio para mellorar as súas capacidades físicas. - Séntese seguro-a e autónomo-a nas sesións de clase.
B3.6. Autonomía e confianza nas propias habilidades motrices en situacións e contornos habituais.	EFB1.3.1. Participa activamente nas actividades propostas buscando unha mellora da competencia motriz.	CSC CAA CSIEE	<ul style="list-style-type: none"> - Confía de modo seguro nas súas capacidades. - É autónomo ao facer xogos. - Colabora cos demais de modo correcto. - Adopta normas de seguridade no uso de espazos.
B3.6. Autonomía e confianza nas propias habilidades motrices en situacións e contornos habituais.	EFB1.3.2. Demostra certa autonomía resolvendo problemas motores.	CSIEE CAA CCECC CSC	<ul style="list-style-type: none"> - Confía de modo seguro nas súas capacidades. - É autónomo ao facer xogos. - Colabora cos demais de modo correcto. - Adopta normas de seguridade no uso de espazos. - Combina distintas habilidades de modo correcto.
B3.6. Autonomía e confianza nas propias habilidades motrices en situacións e contornos habituais.	EFB6.3.1. Realiza actividades no medio natural.	CSC CAA	<ul style="list-style-type: none"> - Aplica as habilidades no medio natural próximo. - Valora o medio como lugar de goce. - Respecta o espazo natural, animais e plantas.
B4.1. Descubrimento e	EFB4.1.1. Representa personaxes e	CCEC	<ul style="list-style-type: none"> - É quen de representar sensacións.

exploración das posibilidades expresivas do corpo e do movemento con estruturas rítmicas sinxelas. Ritmos baseados na introdución de acentos nunha cadencia, ritmos baseados na duración dos intervalos (curtos ou longos).	situacións, mediante o corpo e o movemento con desinhibición e espontaneidade	CSC CAA	- É quen de representar situacións da vida real, de xeito sinxelo. - Actúa de xeito desinhibido. - É creativa/o en actividades expresivas.
B4.1. Descubrimiento e exploración das posibilidades expresivas do corpo e do movemento con estruturas rítmicas sinxelas. Ritmos baseados na introdución de acentos nunha cadencia, ritmos baseados na duración dos intervalos (curtos ou longos).	EFB4.1.2. Reproduce corporalmente unha estrutura rítmica sinxela.	CCEC CSC CAA	- Segue ritmos sinxelos. - Reproduce con distintas partes do corpo, ritmos diferentes. - Participa activamente neste tipo de actividades. - Actúa de xeito desinhibido. - É creativa/o en actividades expresivas.
B4.2. Execución de bailes ou danzas sinxelas representativas da cultura galega e doutras culturas, asociando o movemento corporal ao ritmo.	EFB4.1.3. Realiza bailes e danzas sinxelas representativas da cultura galega e doutras culturas.	CCEC CSC CAA CSIEE	- Participa activamente neste tipo de actividades. - Actúa de xeito desinhibido. - É creativa/o en actividades expresivas, creando a partires dun ritmo do noso folclore. - Reproduce os pasos de danzas propias de Galicia e outros lugares e incluso adaptadas.
B4.3. Imitación de personaxes, obxectos e situacións.	EFB4.1.1. Representa personaxes e situacións, mediante o corpo e o movemento con desinhibición e espontaneidade	CCEC CSC CAA	- Participa activamente neste tipo de actividades. - Actúa de xeito desinhibido. - É unha persoa creativa. - Consegue transmitir aquilo do que trata o exercicio con suficiente claridade.
B4.4. Participación en situacións que supoñan comunicación corporal. Recoñecemento das diferenzas no modo de expresarse.	EFB1.2.3. Expón as súas ideas expresándose de forma correcta en diferentes situacións e respecta as opinións dos e das demais.	CCL CSC CD	- Respecta as achegas dos demais. - Actúa con claridade e soltura. - Actúa respectando as quendas. - Participa en actividades de grupo aceptando o rol que lle corresponda nese momento.
B4.4. Participación en situacións que supoñan comunicación corporal. Recoñecemento das diferenzas no modo de expresarse.	EFB1.3.2. Demostra certa autonomía resolvendo problemas motores.	CSIEE CAA CCECC CSC	- Participa activamente neste tipo de actividades. - Actúa de xeito desinhibido. - É unha persoa creativa. - Consegue transmitir aquilo do que trata o exercicio con suficiente claridade.
B4.4. Participación en situacións que supoñan comunicación corporal. Recoñecemento das diferenzas no modo de expresarse.	EFB1.2.2. Presenta os seus traballos atendendo ás pautas proporcionadas, con orde, estrutura e limpeza.	CCL CD CAA	- Interpreta guións. - Elabora pequenos guións con coherencia.
B4.4. Participación en situacións que supoñan comunicación corporal. Recoñecemento das diferenzas no modo de expresarse.	EFB2.2.4. Reacciona corporalmente ante estímulos sinxelos visuais, auditivos e táctiles, dando respostas motrices que se adapten ás características deses estímulos, diminuíndo os tempos de resposta.	CAA CSC CSIEE	- Ten unha tonicidade axeitada a cada actividade. - Cambia os ritmos da actividade segundo o estímulo dado.
B4.5. Desinhibición na exteriorización de emocións e sentimentos a través do corpo, o xesto e o movemento.	EFB4.1.1. Representa personaxes e situacións, mediante o corpo e o movemento con desinhibición e espontaneidade	CCEC CSC CAA	- Amosa desinhibición na execución das actividades expresivas. - Gústalle participar neste tipo de actividades. - É eficaz na súa expresión.
B4.5. Desinhibición na exteriorización de emocións e sentimentos a través do corpo, o xesto e o movemento.	EFB1.3.1. Participa activamente nas actividades propostas buscando unha mellora da competencia motriz.	CSC CAA CSIEE	- Amosa desinhibición na execución das actividades expresivas. - Gústalle participar neste tipo de actividades. - É eficaz na súa expresión, comunicando aquilo que se traballa de xeito inconfundible.
B5.1. Identificación e práctica de hábitos básicos de hixiene corporal (aseo, roupa e calzado), alimentarios e posturais, relacionados coa actividade física.	EFB1.3.3. Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.	CSC CAA	- Lava as mans a conciencia antes das clases e despois das mesmas, así como cando vaia ao cuarto de baño (antes e despois). - Adopta boas posturas en cada situación que se lle presente.
B5.1. Identificación e práctica de	EFB5.1.1. Cumpre as normas	CSIEE	Lava as mans a conciencia antes das clases e

hábitos básicos de hixiene corporal (aseo, roupa e calzado), alimentarios e posturais, relacionados coa actividade física.	básicas do coidado do corpo en relación coa hixiene, con autonomía.	CAA	despois das mesmas, así como cando vaia ao cuarto de baño (antes e despois). - Adopta boas posturas en cada situación que se lle presente. - É autónomo/a no referente aos hábitos de hixiene e saúde.
B5.1. Identificación e práctica de hábitos básicos de hixiene corporal (aseo, roupa e calzado), alimentarios e posturais, relacionados coa actividade física.	EFB5.1.2. Adopta hábitos alimentarios saudables.	CSC CSIEE CAA	- A súa alimentación é correcta en relación ao almorzo e merenda dos recreos. - Coñece certos alimentos clasificándoos en bos para a súa saúde ou non recomendables.
B5.2. Relación da actividade física co benestar da persoa.	EFB5.1.3. Incorpora á súa rutina diaria a actividade física como axente de saúde.	CSC CSIEE CAA	- Practica xogos ou deportes no seu tempo de lecer. - Practica xogos ou deportes durante os recreos. - Recoñece o sedentarismo como prexudicial para a saúde.
B5.3. Mobilidade corporal orientada á saúde.	EFB5.1.3. Incorpora á súa rutina diaria a actividade física como axente de saúde.	CSC CSIEE CAA	- Recoñece o sedentarismo como malo para a saúde. - Recoñece a importancia das medidas de seguridade á hora de facer exercicio. - Coñece as técnicas básicas de utilización de espazos para evitar lesións.
B5.4. Respecto polas normas de uso de e espazos na práctica de actividade física para evitar accidentes.	EFB5.2.1. Identifica e sinala os riscos individuais e colectivos daquelas actividades físicas que vai coñecendo e practicando.	CAA CSC	- Recoñece a importancia das medidas de seguridade á hora de facer exercicio. - Coñece as técnicas básicas de utilización de espazos para evitar lesións. - Coñece a execución técnica correcta de cada exercicio, para evitar accidentes. - Iníciase na dosificación dos esforzos.
B5.4. Respecto polas normas de uso de e espazos na práctica de actividade física para evitar accidentes.	EFB1.3.4. Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases NON. Preferiblemente fareino eu, para evitar que os materiais pasen de man en man.	CSC	- Coida, polo ben común, os espazos propios da nosa área.
B5.5. Respecto ás persoas que participan no xogo, sen mostrar discriminacións de ningún tipo.	EFB1.1.3. Mostra boa disposición para solucionar os conflitos de xeito razoable.	CSC CAA CSIEE	- Identifica a todos os compañeiros como persoas que aportan sempre algo bo á clase. - Valora a actividade e o divertimento por riba dos resultados. - Amosa bo talante diante dos conflitos. - Prefire o diálogo á violencia de calquera tipo.
B5.5. Respecto ás persoas que participan no xogo, sen mostrar discriminacións de ningún tipo.	EFB1.2.3. Expón as súas ideas expresándose de forma correcta en diferentes situacións e respecta as opinións dos e das demais.	CCL CSC CD	- Sabe explicar un xogo con claridade. - Fala de aquilo que lle preocupa sen medo ao que pensarán os demais. - É correcto nas súas achegas. - Adopta unha actitude de escoita e reflexiona antes de falar ou opinar. - Pensa que pode aprender algo de todo o mundo. - Non adopta actitudes de discriminación.
B5.5. Respecto ás persoas que participan no xogo, sen mostrar discriminacións de ningún tipo.	EFB1.3.5. Acepta formar parte do grupo que lle corresponda e o resultado das competicións con deportividade.	CSC CAA	- Valora a actividade e o divertimento por riba dos resultados. - Acepta a todo o mundo coas súas virtudes ou defectos. - Acepta o rol que lle corresponda xogar. - Acepta formar parte do seu grupo sen malas caras ou xestos.
B5.5. Respecto ás persoas que participan no xogo, sen mostrar discriminacións de ningún tipo.	EFB1.1.4. Recoñece as condutas inapropiadas que se producen na práctica deportiva.	CSC CAA CSIEE	- Valora a actividade e o divertimento por riba dos resultados. - Actúa sempre con deportividade.
B6.1. Descubrimiento da cooperación e a oposición con relación ás regras de xogo. Aceptación de distintos papeis no xogo.	EFB6.1.1. Pon en práctica as tácticas elementais dos xogos.	CSC CSIEE CAA	- Coñece os regras dos xogos e actúa con intelixencia. - Respecta as regras, pero obtén os mellores resultados posibles dentro da súa idade. - A súa técnica no uso do espazo é axeitada á súa idade.
B6.1. Descubrimiento da	EFB6.1.2. Utiliza as regras dos	CSC	- Acepta os roles que toque xogar, polo ben do

cooperación e a oposición con relación ás regras de xogo. Aceptación de distintos papeis no xogo.	xogos en situacións de cooperación e oposición.	CSIEE CAA	equipo. - Aplica as tácticas e técnicas elementais con soltura. - Comeza a cooperar co equipo deixando atrás actitudes de egocentrismo propias das idades máis baixas. - Non actúa con agresividade en ningún momento. - Acepta os erros e tenta aprender deles como vía de mellora.
B6.2. Recoñecemento e aceptación das persoas que participan no xogo, aceptando o reto que supón opoñerse ao outro sen que iso derive en situacións de rivalidade ou menosprezo.	EFB1.1.3. Mostra boa disposición para solucionar os conflitos de xeito razoable.	CSC CAA CSIEE	- Abandona actitudes egocéntricas. - Non actúa con agresividade. - Aprende dos seus erros. - Actúa sempre con deportividade. - É unha persoa respectuosa cos demais dando azos a todo o mundo.
B6.2. Recoñecemento e aceptación das persoas que participan no xogo, aceptando o reto que supón opoñerse ao outro sen que iso derive en situacións de rivalidade ou menosprezo.	EFB1.2.3. Expón as súas ideas expresándose de forma correcta en diferentes situacións e respecta as opinións dos e das demais.	CCL CSC CD	- Abandona actitudes egocéntricas, preferindo irse integrando nun grupo. - Entende o diálogo como a vía de solución de situacións difíciles. - Acepta as decisións e opinións da maioría. - Acepta as críticas e fai críticas construtivas
B6.2. Recoñecemento e aceptación das persoas que participan no xogo, aceptando o reto que supón opoñerse ao outro sen que iso derive en situacións de rivalidade ou menosprezo.	EFB1.3.5. Acepta formar parte do grupo que lle corresponda e o resultado das competicións con deportividade.	CSC CAA	- Comeza a cooperar co equipo deixando atrás actitudes de egocentrismo propias das idades máis baixas. - É unha persoa respectuosa cos demais dando azos a todo o mundo. - Acepta os erros e tenta aprender deles como vía de mellora. - Acepta os roles que toque xogar, polo ben do grupo. - Prefire divertirse por riba dos resultados. - Sabe gañar e tamén perder.
B6.3. Comprensión das normas de xogo e cumprimento voluntario destas.	EFB6.1.1. Pon en práctica as tácticas elementais dos xogos.	CSC CSIEE CAA	- Coñece os regras dos xogos e actúa con intelixencia. - Respecta as regras, pero obtén os mellores resultados posibles dentro da súa idade. - Coñece a importancia de aceptar as regras e cumprilas, como única vía de integración no grupo.
B6.3. Comprensión das normas de xogo e cumprimento voluntario destas.	EFB1.1.2. Explica aos seus compañeiros as características dun xogo practicado na clase.	CCL CAA CSC CSIEE	- Coñece os regras dos xogos e actúa con habilidade. - O seu coñecemento do xogo é alto polo que sabe explicalo aos demais.
B6.4. Confianza nas propias posibilidades e esforzo nos xogos, con aceptación das limitacións persoais.	EFB1.3.5. Acepta formar parte do grupo que lle corresponda e o resultado das competicións con deportividade.	CSC CAA	- Prefire o xogo ao resultado. - Coñece a importancia de aceptar as regras e cumprilas, como única vía de integración no grupo. - Comeza a cooperar co equipo deixando atrás actitudes de egocentrismo propias das idades máis baixas. - É unha persoa respectuosa cos demais dando azos a todo o mundo. - Acepta os erros e tenta aprender deles como vía de mellora. - Prefire divertirse por riba dos resultados. - Sabe gañar e tamén perder.
B6.4. Confianza nas propias posibilidades e esforzo nos xogos, con aceptación das limitacións persoais.	EFB1.3.1. Participa activamente nas actividades propostas buscando unha mellora da competencia motriz.	CSC CAA CSIEE	- Gústalle practicar actividade física. - Aмосa unha autoimaxe axeitada. - Sabe cales son as súas limitacións, non actuando de xeito irresponsable e perigoso. - Respecta as normas de seguridade. - Aмосa un bo nivel de habilidade.
B6.5. O xogo como actividade común a todas as culturas.	EFB6.2.1. Practica xogos libres e xogos organizados, recoñecendo as súas características e diferenzas.	CCEE CAA CSC	- Gústalle practicar xogos. - Á hora de establecer normas faino aceptando o que a maioría pense e decida. - Coñece as regras do xogo que toque en cada momento e xoga conforme a elas.

B6.6. Coñecemento e práctica dalgúns xogos de Galicia. Descubrimento de xogos interculturais.	EFB6.2.2. Investiga e coñece xogos tradicionais de Galicia.	CCEC CD CAA CSC	- Coñece as regras do xogo que toque en cada momento e xoga conforme a elas. - Coñece unha boa batería de xogos tradicionais galegos.
B6.6. Coñecemento e práctica dalgúns xogos de Galicia. Descubrimento de xogos interculturais.	EFB6.2.3. Realiza distintos xogos tradicionais de Galicia seguindo as regras básicas.	CCEC CSC CAA	- Coñece as regras dos xogos tradicionais galegos e xoga conforme a elas.
B6.7. Práctica de xogos libres e organizados.	EFB6.2.1. Practica xogos libres e xogos organizados, recoñecendo as súas características e diferenzas.	CCEE CAA CSC	- Gústalle practicar xogos. - Á hora de establecer normas faino aceptando o que a maioría pense e decida. - Coñece as regras do xogo que toque en cada momento e xoga conforme a elas.
B6.7. Práctica de xogos libres e organizados.	EFB6.1.1. Pon en práctica as tácticas elementais dos xogos.	CSC CSIEE CAA	- Coñece os regras dos xogos e actúa con intelixencia. - Respecta as regras, pero obtén os mellores resultados posibles dentro da súa idade.
B6.8. Xogos de aire libre no parque ou en contornos naturais próximos ao colexio. Exploración e gozo da motricidade ao aire libre, respectando a Natureza.	EFB6.3.1. Realiza actividades no medio natural.	CSC CAA	- Recoñece as posibilidades do medio natural como lugar de goce físico. - Coñece e aplica normas de coidado da contorna. - Nas actividades polo medio natural procura non lixar, nin molestar ás especies vexetais e animais.
B6.8. Xogos de aire libre no parque ou en contornos naturais próximos ao colexio. Exploración e gozo da motricidade ao aire libre, respectando a Natureza.	EFB6.3.2. Coñece o coidado e respecto do medio ao efectuar algunha actividade fóra do centro.	CSC CAA	- Recoñece as posibilidades do medio natural como lugar de goce físico. - Coñece e aplica normas de coidado da contorna. - Nas actividades polo medio natural procura non lixar, nin molestar ás especies vexetais e animais.

4.3. TÁBOA 3: 2º E.F.---ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE.

BLOQUE	Obxc.	Contidos	Actividades de Aprendizaxe	Tempo
BLOQUE 1. CONTIDOS COMÚNS EN EDUCACIÓN FÍSICA .	a ▪ c ▪ d ▪ k ▪ m	▪ B1.1. Valoración e aceptación da propia realidade corporal e a dos e das demais. ▪ B1.2. Respecto e valoración das persoas que participan no xogo sen mostrar discriminacións de ningún tipo. ▪ B1.3. Conianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes apropiadas e afrontar as dificultades propias da práctica da actividade física.	Non hai actividades específicas para este bloque. En todas as sesións e unidades tratamos de que o alumnado aprenda a valorarse e a coñecer as súas habilidades e limitacións. É polo tanto un traballo de todo o curso escolar e de cursos sucesivos.	Todas as unidades didácticas.
BLOQUE 1. CONTIDOS COMÚNS EN EDUCACIÓN FÍSICA .	i	B1.4. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para obter información, relacionada coa área. ▪ B1.5. Integración das tecnoloxías da información e a comunicación no proceso de aprendizaxe.	- Visualización de vídeos. - Resolución de actividades en rede	En días de chuvia en que o polideportvo non se pode utilizar e en todas as unidades didácticas.
Saber como coidarse e cales son os camiños para conquistar a boa saúde é un obxectivo fundamental: saber alimentarse, descansar correctamente, exercicio físico moderado... Ao remate da Primaria serán quen de ser autónomos/as neste aspecto.

Pola situación creada pola Covid-19 o aspecto de saúde será un eixo fundamental. Saber comportarse e seguir exactamente o protocolo de hixiene e de manexo da máscara é importantísimo. Todos e todas xogamos coa vida nosa e doutros segundo os nosos actos.

*** Bloque 6. Os Xogos e Actividades Deportivas.**

O modo máis natural de facer exercicio é o xogo, pasando nas idades máis altas á práctica deportiva regrada. Na nosa etapa educativa faremos unha introdución aos deportes máis presentes nas nosas vidas. Non esqueceremos a práctica regrada e lúdica de actividades con materiais alternativos e novidosos.

As actividades no medio natural tampouco serán esquecidas. Estamos nunha contorna privilexiada para sendeirismo, entre outras.

Os xogos populares, tradicionais e doutros lugares ocuparán a outra parte do traballo referido a este bloque.

9. METODOLOXÍA

O alumnado deberá asumir o por que e para que das tarefas propostas, asimilando de xeito práctico os coñecementos sobre o seu propio corpo: posibilidades e funcionamento, experimentando todo o posible coa súa corporeidade.

O profesorado tratará de ser dinamizador e integrador, animando e guiando cara o descubrimento de novas opcións. A información basearase no proceso ou realización da actividade motriz, máis ca no resultado da mesma.

As situacións de interacción cos outros-as, con novos materiais ou explorar novos usos dos coñecidos e o mesmo ocorre cos espazos habituais ou non promoverán a actividade física no futuro, é dicir a interacción práctica como chanzo inicial da formación de persoas responsables consigo mesmos-as e cos demais.

As actividades propostas suporán un reto axeitado ás súas capacidades e ao seu grao de evolución persoal, partindo de tarefas sinxelas, con poucas instrucións ata ir engadindo e “fabricando” problemas motores de máis e máis complexidade, cun cambio na abstracción que irá aumentando coa idade.

Especial motivación significa para eles/as lograr **aplica-las súas aprendizaxes** a unha actividade tan querida e constante como é o **xogo**. Por iso, o aspecto lúdico será o que impere en todo o proceso de ensino-aprendizaxe, sobre todo canto máis pequenos/as sexan. Para crear un hábito de vida activa o alumnado ten que gozar nas sesións, que as **propostas** sexan **atractivas**, pero tamén é o momento de aprender a saber estar, a **escoitar**, a **coidar os espazos**, a respectarse e respectar, fuxindo da violencia e arranxando os problemas co diálogo...

O espazo cumpre un papel de primeira orde. O alumnado soe identificar con esta actividade un espazo moi determinado. A voz do profesorado será quen leve a actividade motriz a outros espazos e lugares que, de ordinario, non se identifican coma específicos da Educación Física. Con esta actuación preténdese que aprendan a usar todo **espazo** útil e dispoñible da súa contorna, creando hábitos de actividade física en lugares e medios diversos: carreiros, praias, bosques, o propio patio, parques...

Na organización da clase **evitaranse**, no posible, os **tempos mortos** e de espera, para o que diversificaremos actividades e suprimiremos as eliminacións como parte de algúns xogos, proporcionando novas “vidas” ou dando un rol distinto.

Procurarase tamén **axustar** calquera proposta ao **ritmo individual** de cada un/unha. Non fixaremos metas idénticas para todos. Debemos coñece-la realidade de partida de cada rapaz/aza e permitir que sexa desenvolva segundo as súas posibilidades. Igualmente non se establecerán diferencias en función da aptitude, sexo ou calquera outra característica como norma xeral, excepto en casos en que problemas de aprendizaxe, problemas físicos, etc impidan facer as mesmas actividades dos demais. Entón as adaptacións de normas, materiais ou espazos serán fundamentais.

Do mesmo xeito haberá unha **flexibilidade nos plantexamentos** da programación, posto que ao longo do curso pode verse afectada por multitude de circunstancias, como poden ser, celebracións escolares: Entroido, Día da Paz, Magosto, Samaín... Esta programación, polo tanto irá adaptándose a elas.

Os nenos/as precisan actividade e nos irémola canalizando para obter os obxectivos propostos. Favoreceremos o traballo en equipo, o **compañeirismo** e a colaboración, evitando a competitividade mal entendida. Debería se aquela competencia que se refire á superación dunha dificultade e a unha forma lúdica de relación con outros/as, ós que non se debería ver coma rivais aos que gañar. Aprender a resolver os conflitos civilizadamente e saber gañar e perder axudará a divertirse.

Debería de favorecerse a **autoaprendizaxe**, para que sexan quen de resolver problemas motrices, organizar o seu propio traballo, comprobar e constatar en sí mesmo/a a propia mellora, tanto en destrezas coma en actitudes.

Canto máis pequenos máis se favorecerá a **creatividade** e os métodos de busca, dando paso xa nos dous niveis finais de Primaria a plantexamentos máis dirixidos en que as aprendizaxes relativas a conceptos terán máis peso.

Non só se prestará atención a procedementos, a aprendizaxe de actitudes e conceptos estará tamén presente, os conceptos, sobre todo nas idades máis avanzadas: regras dos xogos e deportes, anatomía, educación viaria...

Ao inicio de cada sesión explicaremos o que imos facer, para que o/a neno/a comprenda saiba o que vai afrontar ese día.

Outro aspecto importante será o da hixiene e a educación para a saúde: alimentación, sono, postura... A través de actividades na aula, nas que experimentarán, ata facerse conscientes, co tempo, de cales son as normas de seguridade no eido técnico e de manexo de espazos e materiais. O lavado de mans é importante, despois de ir ao baño e antes de regresar á aula ou antes de tomar a merenda no tempo de recreo. Falar e traballar coa alimentación, pouco a pouco tratará de incidir nun problema importante hoxe en día que é o da obesidade infantil.

13. AS COMPETENCIAS CLAVE E A EDUCACIÓN FÍSICA (LOMCE):

As competencias clave a desenvolver son:

1.- Competencia lingüística.

Desde a Educación Física temos que axudar a conseguir desenvolver esta competencia, sobre todo a nivel oral, tendo en 5º e 6º apoio de fichas en contadas ocasións e sobre todo os traballos en formato dixital para completar a adquisición de certos contidos. Dentro da propia área de Educación Física temos un vocabulario propio que iremos adquirindo pouco a pouco.

2.- Competencia no coñecemento e interacción co mundo físico.

Trátase de percibir o corpo e utilizalo dentro da súa contorna. Temos que desenvolver un axeitado esquema corporal para logo utilizalo na vida real. A autoimaxe será a adecuada para non sufrir desaxustes que lle poidan causar problemas. Se conseguimos desenvolver as habilidades o movemento será moito máis efectivo no medio físico.

Trátase tamén de valorar a actividade física como fonte de saúde, sempre e cando aprendamos a dosificar os esforzos e a combinalos con períodos de descanso e recuperación acordes con eses esforzos, procurando sempre actividades de carácter moderado posto que os corpos dos nenos están en pleno crecemento.

O obxectivo final que no futuro pudesen escoller o mellor camiño de vida, un camiño de actividade física e a procura da saúde e o coidado do corpo.

3.- Tratamento da información e competencia dixital.

Trátase de analizar criticamente as mensaxes que proveñan do medio, sobre todo publicidade nos medios de comunicación e na Internet. Neste último caso importantísimo é o coidado dos contidos aos que acceden. Crear consumeristas cada vez máis conscientes do que fan e non unicamente consumidores sen sentido. Asemade temos á man certos medios de información que procuraremos utilizar para completar as aprendizaxes: teléfonos intelixentes, tabletas, portátiles, pizarras Interactivas, proxectores, bibliotecas dixitais...

4.- Competencia Cultural e Artística.

Formar persoas creativas é o outro gran obxectivo. Exploramos o corpo. Aprendemos a usalo para comunicar sentimentos e ideas... Mediante a danza e a tradición xogada conservaremos a cultura. As actividades tipo que van desenvolver esta competencia serán os xogos populares, danzas tradicionais e do mundo, Tai-chi, expresión corporal, coreografías creadas por eles-as mesmos-as.

A danza e as actividades de creación acompañada da música son o outro gran eido de desenvolvemento humano.

5.- Competencia social e cidadá.

As actividades deportivas son un caldo estupendo para aprender a colaborar e a superar frustracións. Aprenderemos a solucionar os problemas dialogando e a respectar as achegas dos demais que sempre poden axudarme a ver as cousas de outro modo.

A educación física forma persoas responsables, cun alto grao canto á capacidade de esforzo e adaptación ao medio, así como de capacidade para resolver calquera tipo de problema sen caer no desánimo. A aceptación e seguimento das normas farase con vistas á convivencia en sociedade. O punto de partida será aprender a aceptarnos como somos, como seres con limitacións e virtudes para ir logrando unha imaxe axustada e saudable de nós mesmos/as.

6.- Competencia para aprender a aprender.

Temos que coñecernos a nós mesmos e mesmas, este é o paso para unha vida social que nos aporte tranquilidade como pertencentes a un grupo. Cantas máis actividades entren en contacto con nós moito mellor desenvolvemento psico-biolóxico e madurativo imos lograr, podendo logo superar maiores metas por aprendizaxes comprensivas e interiorización de todo o que vaíamos experimentando. Non formamos deportistas profesionais. Educamos unha corporeidade cunha mente en permanente formación, canto máis nestas idades.

7.- Autonomía e iniciativa persoal.

A base motriz capacitaranos para tomar decisións máis rápidas e con certas garantías de lograr éxito nas nosas intervencións motoras e non motoras, tamén axudará a estruturar a nosa mente e a organizarnos mellor e a saber dosificarnos así como explorar vías creativas diante de calquera atranco físico ou vital.

14. A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Cada alumno/a teñen unha ampla gama de necesidades educativas, debidas á presenza de múltiples factores persoais e sociais (xénero, idade, etapa de desenvolvemento madurativo, motivación, intereses, estilos de aprendizaxe, expectativas, procedencia socioeconómica e cultural, orixe étnica, etc.), que deben ser satisfeitas. No centro non temos casos dunha complexidade tal que impidan o normal desenvolvemento das sesións de clase, aínda así, sería necesario ter sempre presentes certas metodoloxías, tal como imos explicar agora:

1.º Facilitar, consolidar e desenvolver a socialización e integración do alumnado, o que significa ensinarlle a aprender a convivir e a comportarse adecuadamente en grupo, a ser solidario/a, a traballar en igualdade, a cooperar e a respectar as normas; para isto os traballos grupais, aplicando os modelos, as axudas ou estruturación máis estricta ou distinta de espazos, materiais, etc.

2.º. Planificar e desenvolver un programa coherente de orientación e acción tutorial que facilite a resposta educativa ás súas necesidades específicas, permanentes ou transitorias.

Asemade os apoios por parte de profesorado asignado desde o Departamento de Orientación, axudarán a todo aquel alumnado que o precise, tamén os apoios meus ou puntualmente dun-dunha compañeiro-a, pode axudar a que as actividades vaian sendo superadas satisfactoriamente.

Seguimentos e plantexamentos individualizados son fundamentais, cada quen ten un punto evolutivo e de partida que debe ser respectado para que os resultados sexan os desexados. Procuraremos actividades que redunden nunha autoestima positiva e axeitada do alumnado afectado, con momentos en que se sintan valorados e integrados no grupo e tamén individualmente. O máis importante é evitar a frustración, animando sempre a seguir adiante utilizando os reforzos positivos. Os propios fallos e capacidades, aínda que son pequenos-as xa os coñecen, non fai falla facelos máis conscientes durante a sesión. Tratar ao alumnado con dificultades sempre cun tinte de naturalidade vai axudar a que saia adiante e a que os demais o-a vexan coma unha persoa cunhas capacidades distintas a respectar e valorar, é dicir coma un-unha máis.

A adaptación curricular para o alumnado que amosa un ritmo de aprendizaxe máis lento supón cambios metodolóxicos: nos estilos de ensino, no tempo de aprendizaxe das tarefas, na adecuación das dificultades, etc. podendo chegar a modificar os obxectivos do currículo ordinario, plantexando outros individuais e alcanzables por eles-as.

Pola contra aqueles/as que amosan un progreso rápido deberemos plantexarlles metas máis elevadas, pedirilles en que aspecto quererían profundar máis ou implicalos en programas de acción tutorial con compañeiros/as con dificultades.

O uso frecuente do feedback individual sobre a execución e os resultados das actuacións do alumnado, xunto coa aportación de sucesiva información complementaria axudaranos a ir individualizando o proceso de e-a.

Entrando nun punto de concreción máis polo miúdo teríamos as seguintes pautas para a atención ao alumnado con n.e.e.:

1. Avaliación inicial:

- Cal é a necesidade á que nos enfrontamos: visual, auditiva, de comprensión, de mobilidade...
- Información do entorno: familia, colexio, amigos,..., gustos e intereses.
- Cómo afecta a necesidade á clase de E.Física (e as súas experiencias previas nas actividades físico-deportivas.)

2. Plan de actuación:

- Estratexias para as sesións: Adaptar a linguaxe e reducir o número de ordes, dar a información por canles diferentes segundo o caso...
- Equilibrio entre o traballo individual (As súas propias necesidades de actividade física e o coidado corporal) e grupal (A integración no grupo); combinando tamén os intereses do/a alumno/a e do profesorado.
- Relación e contacto permanente con outros profesionais que interveñan co alumnado en cuestión: médicos, fisioterapeutas, psicólogos...

3. Avaliación do proceso

Sempre importante para reorientar ou non a nosa programación.

En todo caso o número de plantexamentos motrices será abundante e variado, asegurando así experiencias positivas enriquecedoras en moitos dos casos. É posible atender así a moitos centros de interese.

O xogo será fundamental como fonte de benestar e de autorregulación do propio/a neno/a. O noso enfoque será cara a saúde e a formación e non a competición que nada aportará en idades tan temperás. Evitarase por todos os medios a frustración.

As actividades grupais, en parella, atenderán ao eido de socialización do alumnado, contribuíndo á súa integración social.

En calquera momento as actividades serán adaptadas e variadas para conquistar resultados o máis positivos posible.

No caso de alumnado con dificultades os criterios de avaliación serán máis flexibles. En casos en que isto non sexa suficiente procederemos a unha ACS.

15. A EDUCACIÓN EN VALORES. OS EIXOS TRANSVERSAIS E A FORMACIÓN CÍVICA.

A educación en valores preséntase coma un conxunto de contidos de e-a que, sen referencia directa ou exclusiva a unha área curricular concreta, nin a unha idade ou etapa educativa particular, intervén en todas as áreas do, desenvolvéndose ao longo de toda a escolaridade obrigatoria; non se trata dun conxunto de ensinanzas autónomas, senón máis ben dunha serie de elementos da aprendizaxe integrados dentro das diferentes áreas de coñecemento, cuxo obxectivo fundamental é a formación de persoas.

Por iso, atendendo aos principios educativos esenciais, e, en especial, ao desenvolvemento das competencias básicas para lograr unha educación integral, a educación en valores deberá formar parte de todos os procesos de ensino e aprendizaxe, por ser un dos elementos de maior relevancia na educación do alumnado.

Podemos considerar que a aprendizaxe destes contidos pretende conseguir as finalidades seguintes:

1. Localizar e criticar os aspectos inxustos da realidade cotiá e das normas vixentes.
2. Deseñar formas de vida máis xustas no plano persoal e social.
3. Elaborar autónoma, racional e democraticamente os principios xerais de valor que axuden a axuizar a realidade de forma crítica e con xustiza.
4. Facultar aos mozos e mozas para adquirir comportamentos coherentes coas normas elaboradas por eles/elas mesmos/as e coas dadas pola sociedade democraticamente, buscando a xustiza e o benestar social.

As **liñas mestras de intervención** que conforman a educación en valores poden ser as seguintes:

- *Estimular o diálogo como principal vía para resolución de conflitos entre persoas e grupos; facilitar o encontro entre persoas cuxos intereses non necesariamente sexan coincidentes, e desenvolver actitudes básicas para a participación comprometida na convivencia, a liberdade, a democracia e a solidariedade.*
- *Desenvolver a capacidade dos alumnos-as para regular a súa propia aprendizaxe, confiar nas súas aptitudes e coñecementos, así como para desenvolver a creatividade, a iniciativa persoal e o espírito emprendedor.*
- *Crear hábitos de hixiene física e mental, que permitan un desenvolvemento san, un aprecio do corpo e o seu benestar, unha mellor calidade de vida e unhas relacións interpersoais baseadas no desenvolvemento da autoestima e autoimaxe axustadas.*
- *Apreciar os roles sexuais e o exercicio da sexualidade como comunicación plena entre as persoas.*
- *Desenvolver a igualdade de dereitos e oportunidades e fomentar a igualdade efectiva entre homes e mulleres. Aplicamos aquí o reflectido no plan de igualdade, dando o mesmo peso ao traballo e responsabilidades de nenos e nenas e utilizando unha linguaxe coeducativa e de igualdade.*

- *Coñecer, valorar e respectar os dereitos humanos, como base da non discriminación, o entendemento e o progreso de todos os pobos nesta globalidade mundial.*
- *Adquirir respecto cara aos seres vivos e o medio, en particular ao valor dos espazos forestais, espazos naturais próximos ao centro e o desenvolvemento sostible.*
- *Participar decidida e solidariamente na resolución dos problemas ambientais.*
- *Coñecer e respectar as normas establecidas para a mellor organización e uso da circulación viaria.*
- *Proporcionar os instrumentos de análise e crítica necesarios que permitan unha opinión e actitude propias fronte ás ofertas da sociedade de consumo, e que capaciten para tomar conciencia diante da utilización de produtos innecesarios. Comezamos polo que temos máis preto que é o noso patio. Debemos tomar conciencia de mantelo limpo sempre, utilizando os contedores e non deixando os restos das merendas onde lle cadre.*
- *Desenvolver hábitos e actitudes de curiosidade, respecto e participación cara ás demais culturas da contorna.*
- *Respectar e coñecer a pluralidade lingüística e cultural de España valorando a interculturalidade como un elemento enriquecedor da sociedade.*
- *Promover actitudes que valoren axeitadamente o peso específico da educación como motor de desenvolvemento dos pobos.*
- *Utilizar instrumentos de análise e crítica necesarios para construír unha opinión propia, libre, xusta e democrática.*
- *Preparar para o exercicio da cidadanía e para a participación activa na vida económica, social e cultural, con actitude crítica e responsable e con capacidade de adaptación ás situacións cambiantes da sociedade do coñecemento.*

16. FOMENTO DA LECTURA E DESENVOLVEMENTO DA COMPRESIÓN LECTORA: CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR.

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, na exposición de motivos e nos seus artigos 16.2, 17 e), 19.2 e 19.3, establece o seguinte:

- Unha das finalidades da Educación Primaria é a adquisición das habilidades culturais básicas relativas á expresión e comprensión oral e á lectura.
- Os alumnos e alumnas deben desenvolver hábitos de lectura.
- A lectura debe traballarse en todas as áreas do currículo.
- Coa fin de fomentar o hábito de lectura dedicarase un tempo diario a ela.

De igual modo, o **Decreto 130/2007, do 28 de xuño**, polo que se establece o **currículo de Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia**, establece que:

- Sen perxuízo do seu tratamento específico nalgunha das áreas da etapa, a comprensión lectora e a expresión oral e escrita traballarán en todas as áreas (**artigo 6.3**).
- Coa finalidade de fomentar o hábito da lectura, os centros elaborarán e aplicarán un proxecto lector que asegure como mínimo media hora diaria (**artigo 6.4**).

Por todo iso, resulta necesario establecer un Plan de Lectura que impulse as actividades relativas á promoción e práctica da comprensión lectora prevista nos obxectivos, contidos e criterios de avaliación, e ao grao de adquisición das competencias básicas correspondentes a cada unha das áreas do currículo, e que favoreza a súa práctica diaria por todo o profesorado en todas as áreas dun modo eficaz.

A lectura estará presente en todas as áreas da Educación Primaria. Por Eso, o fomento da lectura e o desenvolvemento da comprensión lectora serán impulsados, non só desde a área de Lingua e Literatura Galega e Castelá senón a través das actividades específicas de todas as áreas. As sesións de lectura non deben orientarse, pois, como unha continuación da clase de Lingua e Lengua, senón tamén como a posta en práctica das súas ensinanzas e teñen que server para avaliar o nivel de comprensión lectora do alumno/a.

Os propósitos da lectura son moi diversos e están sempre ao servizo das necesidades e intereses do/a lector/a. Lese para obter información, para aprender, para comunicarse, para divertirse, para vivir outras realidades. Na educación física podemos pedir que lean artigos ou pequenos textos sobre deportes, saúde... (normas de xogo, vestuario, material necesario, hábitos de alimentación...) dos que deberán entender as ideas fundamentais e adquirir o vocabulario propio da nosa área.

Os obxectivos do plan de lectura son:

- a) Espertar e aumentar o interese do alumnado pola lectura.
- b) Potenciar a comprensión lectora desde todas as áreas do currículo.
- c) Formar lectores capaces de desenvolverse con éxito no ámbito escolar.
- d) Lograr que a maioría do alumnado descubra a lectura como un elemento de goce persoal.
- e) Fomentar no alumnado, a través da lectura, unha actitude reflexiva e crítica diante das manifestacións da contorna.
- f) Usar a biblioteca persoal ou bibliotecas dixitais para a busca de información e aprendizaxe, e como fonte de pracer.

Orientacións metodolóxicas

É fundamental que a titora ou o titor e calquera outro/a mestre/a que interveña co alumnado logre transmitir aos seus alumnos e alumnas o seu entusiasmo para lograr facer lectores/as capaces e motivados/as.

Trátase de que, cando o neno/a escoita ou le diversidade de textos, aprópiase do seu vocabulario e das súas estruturas lingüísticas e ponas en práctica en diferentes situacións.

É moi importante a elección dos textos cos que se vai traballar. Estes han de ser motivadores e axeitados ao nivel dos lectores. Traballarase a identificación da estrutura dos diferentes textos, as ideas principais e secundarias, o sentido dos distintos parágrafos e as relacións que entre eles se establecen.

Elixiremos os textos en función dos seguintes criterios:

- Grao de maduración do proceso lector.
- Elección de temas atractivos e interesantes para os/as rapaces e rapazas.
- Aumento da dificultade dos textos ao longo do curso e dos diferentes niveis.
- Textos variados en canto a contidos: prensa, textos na rede, textos de cadernos...
- Elección do tipo de letra axeitada a cada nivel educativo.
- Ilustracións atractivas e motivadoras.
- Apoiados por presentacións que se proxectarán en pantallas ou en pizarras dixitais.

Por último, hai que destacar a importancia que lle daremos á lectura en voz alta na comprensión lectora, xa que, a través dela, estimularemos a recreación de sentimentos e de sensacións, ao mesmo tempo que serve como vehículo de ideas. A automatización dun bo ton, unha correcta pronunciación e unha axeitada velocidade lectora son imprescindibles para que o lector poida consolidar a comprensión lectora e preparar unha boa base segundo imos subindo nos diferentes niveis educativos en que a esixencia lectora vai ser cada vez maior.

17. AS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN. CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC.

A **Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación**, establece como obxectivo da **Educación Primaria** *"Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e a comunicación desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran"*.

De igual modo, o **Decreto 130/2007, do 28 de xuño**, polo que se establece o **currículo de Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia**, establece que *"os centros docentes elaborarán e aplicarán un plan de introdución das tecnoloxías da información e da comunicación (artigo 6.5)"*.

As tecnoloxías da información e a comunicación constitúen unha ferramenta cotiá nas actividades de ensino e aprendizaxe das diferentes áreas, así como un instrumento de traballo para explorar, analizar e intercambiar información.

O obxectivo que se pretende alcanzar ao finalizar a escolarización obrigatoria é a consecución por parte do alumnado de **competencia dixital**. Dada a actual situación é unha garantía de continuidade nas aprendizaxes. Nos casos de illamento un mínimo dominio de ferramentas dixitais vai permitir acceder ás actividades propostas polo profesorado e resolvelas, así como envialas para a súa corrección. O manexo temperá das aulas virtuais, o acceso á Web do colexio, etc. serán as canles para continuar as

aprendizaxes, en caso necesario.

Esta competencia consiste en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, e para transformala en coñecemento. Incorpora diferentes habilidades, que van desde o acceso á información ata a súa transmisión en distintos soportes unha vez tratada, incluíndo a utilización das **TIC** como elemento esencial para informarse, aprender e comunicarse.

En definitiva, a competencia dixital comporta facer uso habitual dos recursos tecnolóxicos dispoñibles.

Temos presente, á hora de traballar cos alumnos nas TIC, o grao de competencias tecnolóxicas e intelectuais apropiado a cada idade e as características e necesidades concretas do seu alumnado.

Faremos uso das TIC das seguintes maneiras:

1. Exposición das nosas sesións apoiada nas novas tecnoloxías (Encerado Dixital Interactivo, ordenadores con proxectores e pantallas murais, tabletas...)

Mediante o uso do ordenador o/a mestre/a mellora a exposición dos contidos ao ilustrar con maior claridade algúns conceptos e presentalos de forma máis atractiva. Ao mesmo tempo, coa utilización das novas tecnoloxías pódese mellorar a motivación cara á aprendizaxe da materia e cara ao uso de recursos informáticos. En moitas das aulas dispomos de proxectores e pantallas de proxección así como pizarras dixitais interactivas para poder completar as nosas aprendizaxes. Así mesmo funciona a aula de informática á que acudir co alumnado. Aquí será importante aprender a desenvolverse na aula virtual, manexar ferramentas ofimáticas como procesadores de texto, aplicacións para presentar información por medio de texto e imaxe, etc.

2. Iniciación á informática do alumnado:

Preténdese transmitir os coñecementos básicos necesarios para poder utilizar as tecnoloxías. Os contidos elementais que se deben desenvolver na aula son:

- Utilización dos compoñentes básicos da contorna gráfica do ordenador.
- Apertura e peche de aplicacións.
- Creación dun documento e traballo cun xa existente.
- Gravación e recuperación de documentos.
- Acceso á información contida nun pen drive.
- Acceso a páxinas web.
- Impresión de documentos.
- Utilización do disco duro e uso de dispositivos externos.
- Utilización de navegadores.
- Edición de documentos mediante procesadores de texto.
- Elaboración de presentacións multimedia en 5º e 6º
- Utilización dun buscador.
- Realizar actividades interactivas colgadas na Aula Virtual, véxase actividades **JCLIC, LIM, Liveworksheets**, de outras autorías e tamén feitas por nós.

– Manexo da aula virtual do centro...

3. Exercitación mediante programas educativos

Utilizamos programas que permiten a interactividade e a creatividade por parte do alumnado, favorecendo un uso das TIC con máis posibilidades educativas.

4. Utilizar os medios tecnolóxicos para investigar

Trátase de fomentar unha *aprendizaxe activa* e o máis autónoma posible por parte do alumnado, que se ve confrontado a tomar decisións en torno a como proceder na aprendizaxe, que recursos utilizar, como seleccionar e elaborar a información atopada, como organizar e repartir o traballo entre os membros do grupo, como presentar o produto resultante, etc. En cada ordenador da aula de informática hai unha boa morea de cartafoles na barra de tarefas con marcadores que enlazan a recursos educativos de todo tipo, referentes a todas as áreas.

Na páxina web do centro temos tamén unha serie de blogues enlazados nos que o profesorado facilita o acceso a traballos e propostas ao alumnado e familias.

18. A ACCIÓN TITORIAL

A función titorial é moi variada, pois abarca practicamente todas as facetas e actividades da vida escolar, xunto coas da realidade persoal e social relacionadas con elas. Todo-a docente é responsable dun grupo de alumnos e de alumnas e sobre eles-as debe exercer a súa acción titorial, encamiñada a axudalos/as para que se coñezan e se acepten a si mesmos/as e ao mundo que os/as rodea, para que alcancen unha maior eficacia intelectual, profesional e persoal, e para que se relacionen máis satisfatoriamente consigo mesmos/as e cos demais.

Pero, ademais desta relación co alumnado, o titor ou a titora, como punto de articulación entre todos os eixes do sistema educativo, terá que establecer tamén contactos coa área institucional e familiar.

Evidentemente a función titorial non é so cousa de titores/as asignados-as na escola, senon que nos afecta a todas as persoas que intervimos cun grupo de rapaces e rapazas, dentro e fóra do espazo escolar.

FUNCIÓNS DA ACCIÓN TITORIAL

As funcións da titoría respecto a todos os elementos que interveñen no proceso educativo son:

1.^a Referidas ao alumno ou á alumna

- a) Coñecer os seus antecedentes académicos e características diferenciais persoais.
- b) Afondar no coñecemento da súa personalidade (aptitudes, intereses, motivacións, etc.).

- c) Favorecer no alumno-a o coñecemento de si mesmo-a.
- d) Detectar e analizar as súas dificultades persoais e escolares.
- e) Contribuír á mellora das súas relacións co grupo, co-a docente, coa familia, etc.
- f) Personalizar os procesos de ensino-aprendizaxe.
- g) Realizar as tarefas burocráticas oportunas (expedientes, cualificacións, etc.).

2.ª Referidas ao grupo de alumnos e de alumnas

- a) Formación dos grupos máis convenientes.
- b) Informar aos grupos sobre o funcionamento do centro, sobre as normas da clase, sobre o respecto cara os espazos, os materiais e o persoal de todo o colexio.
- c) Coñecer o contexto económico e sociocultural do grupo.
- d) Desenvolver actitudes cooperativas e participativas de diálogo, reflexión e tolerancia na súa contorna.
- e) Coordinar suxestións, propostas e actividades escolares e complementarias e extraescolares do grupo.

3.ª Referidas ao equipo docente

- a) Coordinar a información que os-as docentes teñen sobre os alumnos e as alumnas e sobre o grupo.
- b) Coordinar o proceso avaliador dos alumnos-as.
- c) Asesorar sobre a promoción dun ciclo a outro.
- d) Colaborar cos equipos de orientación do centro e da zona.
- e) Coñecer a programación, a metodoloxía e os obxectivos de cada área.
- f) Asegurarse da protección de datos referentes ao traballo dentro do centro.

4.ª Referidas ás familias.

- a) Establecer relacións fluídas coas familias para facilitar a coordinación coa escola.
- b) Implicar os pais e as nais e titores/as legais en actividades de apoio á aprendizaxe e á orientación dos seus fillos e das súas fillas.
- c) Informar aos pais e ás nais e titores/as legais de todos aqueles asuntos que afecten á educación dos seus fillos e das súas fillas.
- d) Mediar, con coñecemento de causa, en posibles situacións de conflito e informar á familia.

5.ª Referidas ao centro

- a) Participar na elaboración dos obxectivos do centro e asumilos.
- b) Actuar como voceiro ou voceira do grupo nas xuntas de avaliación.
- c) Manter contactos periódicos cos grupos de orientación do centro e da zona.
- d) Colaborar con aquelas entidades que interveñan, para facilitar a atención aos alumnos e ás alumnas.

19. CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LINGÜÍSTICO

A primeira premisa é que tódalas áreas deben contribuír á mellora da competencia lingüística.

Desde a Educación Física propomos abordar os seguintes puntos:

1. Interésanos, cada vez máis a corrección lingüística. Avaliarase dita corrección, dentro dos nosos criterios. Ditos criterios referiranse a:

- Respecto polas normas ortográficas: escrita de letras, tildes, puntuación.
- Corrección léxica e gramatical: vocabulario axeitado, evitar repeticións e muletñas, concordancias...
- Presentación nos escritos con boa caligrafía, pulcritude, marxes adecuadas, separación entre parágrafos e de títulos.
- Entregar os traballos dentro dos prazos.

2. Mellorar a habilidade da comprensión de textos:

- *COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS: Audición de temas axeitados á área:*
 - Empregaremos diferentes fontes e tipoloxías textuais (programas de radio e televisión, visionado de montaxes audiovisuais: vídeos, material multimedia, películas..., anuncios publicitarios orais, cancións, etc...
- *COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS: exercicios de comprensión lectora.*

O contido das preguntas versará sobre parámetros como a extracción da información, exercicios de comprensión, desenvolvemento dunha interpretación, utilizar diferentes tipos de probas: de elección múltiple, de preguntas incompletas, de desenrolo ou mínimas redaccións, de unión, de agrupar e clasificar por categorías...

3. Mellorar a expresión oral e escrita:

- *PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS: redacción.*

O alumnado deberá producir todo tipo de textos escritos, axeitados á área curricular . Valorarase a creatividade, escribir textos para a vida cotiá, exposición de contidos, redacción de cartas (familiares, oficiais, comerciais...) redacción de textos periodísticos, redacción de textos de utilidade social: reclamacións, instancias para a solicitude de espazos de xogo, peticións de materiais, instrucións para xogos...

- *PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS.*

As actividades tipo poden ser: asunción e representación de determinados roles pactados previamente, dentro do apartado de expresión corporal, pintores/as, sentimentos, ..., situacións cotiás: facer a compra, pedir unha indicación, explicar calquera situación, expoñer algunha investigación á clase. Expresar sentimentos que provocan

determinadas situacións e imaxes, debates...

4. Utilización de bibliotecas dixitais con diversos fins:

- Elaboración de traballos de investigación: buscar no dicionario, obter respostas guiadas en temas que se estean traballando nas sesións.
- Indagar tamén en Internet, en webs diversas, nos mesmos termos anteriores.
- Os textos sempre adaptados á idade e capacidade do alumnado.

5. Propómonos, para algún dos trimestres que cada aula traballe sobre un tema referente a un eido do deporte, a nutrición, a saúde e a actividade física, sobre todo no terceiro ciclo.

6. No centro cúmprese co 50% de horario adicado a cada unha das linguas oficiais.

20. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

O obxectivo principal non vai ser o castigo, nin a reparación. A meta será a prevención e mellora da convivencia. Non só queremos a aplicación das normas. Preferimos previr e mellorar a antedita convivencia, así como favorecer un clima educativo integrador. Para iso tocaremos os seguintes puntos:

** ACTUACIÓNS PARA PREVIR E MELLORAR A CONVIVENCIA
NO CENTRO:*

- Xornadas de acollida e avaliación inicial.
- Actividades de elaboración conxunta das normas máis sinxelas e obvias para a clase.
- Elección do/a responsable-encargado/a da clase, cada semana, así coma dos vestuarios, tanto feminino coma masculino.
- Saídas educativas.

** ACTUACIÓNS PARA FAVORECER A RELACIÓN FAMILIA ESCOLA:*

- Reunións trimestrais.
- Ter representación no Consello Escolar.
- Participación a través da A.N.P.A.
- Programación de titorías individualizadas e escolas de pais/nais ou informar sobre ditas escolas.

Neste punto colaboraremos en todo o que se nos propoña desde as titorías.

** ACTUACIÓNS DE SENSIBILIZACIÓN FRONTE A CASOS DE ACOSO E
INTIMIDACIÓN ENTRE IGUAIS:*

- Dinámicas de grupo en clase.
- Actividades para promover a cooperación e as habilidades sociais.
- Nas sesións ten que primar o respecto polos demais.

** ACTUACIÓNS CARA A SENSIBILIZACIÓN DA COMUNIDADE ESCOLAR NA IGUALDADE ENTRE HOMES E MULLERES:*

- Conmemoración de datas significativas: día da muller traballadora, día contra a violencia de xénero, día dos Dereitos Humanos...
- Obradoiros de fabricación de xoguetes, de xogos populares, etc.

** MEDIDAS DE ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E TEMPOS CONSIDERADOS DE RISCO.*

- Vixiancia nos recreos.
- Atender aos cambios de clase e saídas e entradas do Centro, así coma subida ás aulas desde o patio.

** MATERIAIS E INSTALACIÓNS:*

- Todos os membros da comunidade educativa respectarán responsablemente o edificio, instalacións e mobiliario. O Centro debe de estar ordeado e limpo.
- Non despilfarrar e coidar o material que se nos proporcione.
- O alumnado que dane intencionadamente ou negligentemente o material ou o Centro terá que reparalo ou facerse cargo do custe económico da súa reposición.

** RELACIÓNS PERSOAIS:*

- As relacións persoais basearanse no respecto mutuo de todos os membros da Comunidade Educativa.
- Coñecer a carta de dereitos e deberes do profesorado.
- Coñecer a carta de dereitos e deberes do alumnado.
- Coñecer a carta de dereitos e deberes das familias.
- Dar a coñecer a todo o alumnado as normas xerais de Convivencia na Aula.
- O diálogo será a principal ferramenta de resolución de conflitos.
- Respectarase a integridade física e moral dos demais, absténdose de leas, insultos...
- O ambiente que se persegue é o de traballo e atención que favoreza o traballo e o respecto a todo o mundo.
- Respectarase as quendas de palabra, nas filas, etc... e o ton de voz será moderado e conciliador, facilitando o desenrolo das clases.
- Gardarase silencio e orde en caso de ausencia imprevista do/a mestre/a da clase.
- O Colexio non se fai responsable de xoguetes, móbiles, etc... que o alumnado traia da casa.
- Calquera problema será posto en coñecemento das familias na hora de titoría, telefonicamente ou telematicamente vía abalarmóbil. O contacto entre familia e escola debe de ser permanente. A educación dos/as máis cativos/as é cousa de todos/as, polo que as actuacións non deberían de diverxer.

** HORARIOS E FALTAS DE ASISTENCIA:*

- Todo o alumnado cumprirá o horario asignado, con puntualidade, xustificándose os retrasos.
- As saídas do Centro quedarán rexistradas por escrito, por parte da persoa que veña recoller ao/á alumno/a, en conserxería, desde onde se informa ao titor/a.
- As anteditas faltas serán rexistradas nas titorías correspondentes.

** UTILIZACIÓN DE ESPAZOS:*

- Deberá haber unha orde nas entradas e saídas, sen berros, sen carreiras que molesten aos demais e que supoñan caídas.
- Os pasos polos corredores serán silenciosos e sen carreiras. Non podemos interferir nas clases dos demais grupos.
- As idas ao lavabo será en cambios de clase, previa autorización do/a mestre/a e sempre de un en un. Preferiblemente deberían de ir antes de entrar ou durante o recreo.

21. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

As celebracións de centro como o Magosto e Entroido, etc, terán especial relevancia dentro das actividades das sesións de educación física. O resto das reflectidas no calendario escolar tamén serán tratadas nas sesións, adaptando actividades nas que as referencias a esas celebracións serán evidentes, pero non terán tan marcada participación como nos dous casos anteriores.

Dentro da nosa área haberá actividades como contos motores, xogos adaptados..., etc que traballen determinados momentos do ano que sempre foron especiais para o noso alumnado.

22. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Os recursos didácticos, materiais e espazos que imos dividilos en dous grandes grupos.

** RECURSOS DE CARÁCTER MÁIS TRADICIONAL:*

- O propio corpo.
- A pizarra tradicional: branca.
- Os espazos coma o polideportivo, a praia, carreiros, bosques, que temos moi preto do colexio.
- Cadernos de observación do profesorado, planillas de anotacións e a folla de programación das sesións deseñada ao efecto.
- Fichas en papel de elaboración propia.
- Vídeos, presentacións e fotografías de todo tipo en formato dixital.
- Balóns, cordas, discos voadores, indiacas, aros, birlos, gomas, porterías, canastras, etc. Todo o material típico das actividades deportivas e xogos
- Material de refugallo de utilidade para certos xogos: botellas, outros envases, tapóns, xornais...

- Equipo de música.

* *RECURSOS DE CARÁCTER TECNOLÓXICO:*

- Os espazos coma a aula de informática.
- A pizarra dixital interactiva e proxectores.
- Ordenadores da aula de informática.
- Buscadores na Internet.
- Xogos educativos interactivos.
- Software libre: procesadores de textos, etc.
- Fichas de todo tipo, se pode ser de carácter dixital: LiveWorksheets colgadas na propia rede e outras de elaboración propia.
- Bibliografía do propio profesorado.
- Páxina web do colexio.
- Blogues educativos que se enlazan desde a páxina anterior.
- Aula virtual do centro.
- Unha tableta.

Certamente, dado o problema que está supoñendo o sedentarismo, xa nestas idades temperás, prevalecerán as actividades nas que o movemento sexa o protagonista. O resto de recursos serán un complemento ao que poden recorrer cando eles-as queiran ou se precise, por exemplo en caso de ausencia á clase presencial ou cando a climatoloxía non deixa que acudamos á nosa aula base: a pista polideportiva, non sendo nunca unha sobrecarga dentro das actividades académicas.

23. ANEXO I: *Notas aclaratorias a certos aspectos desta programación.*

Hai unha serie de contidos e obxectivos a traballar continuamente, como son os relacionados coa actitude adecuada, a hixiene de mans, a saúde e alimentación, o coidado do medio, etc, así coma o respecto en todos os eidos. Esta transversalidade é fundamental para a vida en sociedade.

No tempo que dura un curso as situacións van cambiando e as actividades con elas, xurden ideas, propostas... A **flexibilidade** da nosa programación é o principio metodolóxico que nos vai permitir modificar sobre a marcha a mesma, sempre que as anteditas propostas sexan de interese para o desenvolvemento do alumnado.

O desenvolvemento das sesións programadas van verse afectadas por dous grandes eventos que celebramos no colexio, o magosto, en que se facemos no polideportivo xogos monitorizados polo alumnado de 6º e o Entroido en que as familias veñen disfrutar das coreografías dos seus-súas fillos-fillas que actúan nesas datas. Esas coreografías son preparadas nunha parte das sesións, ata a data concreta da celebración.

En momentos en que teñamos alerta meteorolóxica ou calquera outro impedimento utilizaremos os medios dixitais: PDI, presentacións, vídeos e a aula virtual para insistir en contidos de tipo máis conceptual como pode ser a educación viaria, o coidado da saúde, afiuzamento de cuestións relacionadas cos deportes, etc.

24. ANEXO II. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN PARA TODOS OS NIVEIS.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN PARA 2º NIVEL.

PARTICIPACIÓN ACTIVA	55%
ASIMILACIÓN DE CONCEPTOS	5%
TÉCNICA-EXECUCIÓN	20%
ACTITUDE	20%

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN PARA 4º NIVEL.

PARTICIPACIÓN ACTIVA	40%
ASIMILACIÓN DE CONCEPTOS	15%
TÉCNICA-EXECUCIÓN	25%
ACTITUDE	20%

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN PARA 6º NIVEL

PARTICIPACIÓN ACTIVA	40%
ASIMILACIÓN DE CONCEPTOS	20%
TÉCNICA-EXECUCIÓN	20%
ACTITUDE	20%

25. ANEXO III

MAPA TEMPORALIZADO DE UNIDADES DIDÁCTICAS / CURSO 2022-2023

CURSO 2022-2023 1º E 2º NIVEIS	1º TRIMESTRE			
	U.D.1	Volvemos ao cole	2ª Quincena de setembro	4 sesións
	U.D.2	Esquema corporal	1ª Quincena de outubro	4 sesións
	U.D.3	Lateralidade	2ª Quincena de outubro	4 sesións
	U.D.4	Percepción espacial-tempor.	Todo novembro e decembro	12 ses.
	2º TRIMESTRE			
	U.D.5	Equilibrio	2ª Quincena de xaneiro	4 sesións
	U.D.6	Desprazamentos	4ª sem xaneiro e 1ª de feb	4 sesións
	U.D.7	Saltos e xiros	2ª sem febreiro e 1ª sem marzo	8 sesións
	3º TRIMESTRE			
	U.D.9	Expresión corporal	2ª,3ª e 4ª semanas de marzo.	6 sesións
	U.D.10	Coordinacións	Tres primeiras semanas de abril	6 sesións
	U.D.11	Xogos populares	4ª sem de abril 1ª Quincena maio.	8 sesións
U.D.12	Xogos alternativos	2ª Q maio e 1ª sem xuño.	6 sesións	
U.D.13	Actividades patio e natureza	Todo o que queda de xuño	4 sesións	

CURSO 2022-2023 3º e 4º NIVEIS	1º TRIMESTRE			
	U.D.1	Volvemos ao cole	2ª quincena de setembro	4 sesións
	U.D.2	O noso corpo	1ª quincena de outubro	4 sesións
	U.D.3	Percepción espacial	2ª quince outubro e 1ª novembro	6 sesións
	U.D.4	Tempo-expresión corporal	2ª quince novembro e decembro	6 sesións
	2º TRIMESTRE			
	U.D.5	Axilidade: equilibrio, saltos, desprazamentos e xiros	Todo xaneiro	8 sesións
	U.D.6	Coordinacións	1ª quincena de febreiro	4 sesións
	U.D.7	Malabares	3ª semana de febreiro	2 sesións
	U.D.8	Xogos material alternativo	4ª sem. Febreiro e 1ª Q de marzo.	8 sesións
	3º TRIMESTRE			
U.D.9	Taichi adaptado	2ª Q marzo e todo abril	6 sesións	
U.D.10	Xogos populares-tradicionais	Todo maio	8 sesións	
U.D.11	Actividades natureza e patio	Todo xuño	8 sesións	

CURSO 2022-2023 / 5º E 6º NIVEIS	1º TRIMESTRE			
	U.D.1	Volta ao cole	1ª semana de setembro	2 sesións
	U.D.2	Condición física-quentamento	2ª quince setembro e 1ª sem outb	6 sesións
	U.D.3	Coordinacións-habilidades	3 sem que restan de outubro	6 sesións
	U.D.4	Expresión corporal-tempo	3 semanas primeiras de novembro	6 sesións
	U.D.5	Os xogos malabares	4ª sem novembro e todo decembro	8 sesións
	2º TRIMESTRE			
	U.D.6	Fútbol sala	Xaneiro e 1ª semana de febreiro	8 sesións
	U.D.7	5º Voleibol - 6º Bádminton	O resto de febreiro e todo marzo	10 sesións
	U.D.8	5º Baloncesto- 6º Balonmán	Todo abril	8 sesións
	3º TRIMESTRE			
U.D.9	Material alternativo	1ª quincena de maio	4 sesións	
U.D.10	Xogos populares	2ª quincena de maio	4 sesións	
U.D.11	Xogos natureza-patio	Todo xuño	8 sesións	